

### **O concello de Vilalba, a instancias do PSOE, celebrará o día 12 un Pleno extraordinario para aclarar as contiosas perdas do FIV 2014**

Os socialistas realizaron esta petición, debido a que, malia levar solicitando, dende o mes de abril, que o concelleiro Jesús Bermúdez comparecese para explicar o desfase económico de 100.000 euros, derivado do desenvolvemento de dito festival cultural, “o único que obtivemos foron as desculpas continuas do rexedor”

Dende o inicio do actual mandato, o Goberno local nunca convocou a Comisión de Cultura, Participación Cidadá, Deportes e Xuventude. Esta circunstancia demostra para os edís socialistas “o desprezo que Gerardo Criado ten, incluso coas súas propias decisións”

**VILALBA, 2 DE NOVIEMBRE DE 2014.-** O concello de Vilalba, a instancias dos cinco integrantes do grupo municipal socialista, celebrará o vindeiro día 12 de novembro un Pleno extraordinario no que se debaterán as contas relacionadas coa organización do FIV 2014. Concretamente, os edís do PSOE levan dende o mes de abril, solicitando que o concelleiro Jesús Bermúdez compareza para explicar o acontecido en relación ao desenvolvemento e balance de dito festival cultural, pois a súa celebración implicou un grande desfase económico. E é que, a falta de datos oficiais, os socialistas calculan que as perdas superan os 100.000 euros.

Por este motivo, xa nesa data, pediron ao alcalde a convocatoria da Comisión de Cultura e a comparecencia na mesma do edil organizador, pero “o único que obtivemos foron as desculpas continuas do rexedor, co fin, claro está, de evitar esta asistencia”. É por este motivo, subraian, “polo que non nos quedou outro remedio que solicitar a convocatoria dun Pleno extraordinario”.

#### **Dende 2011 nunca se convocou a Comisión**

Dende que se iniciou o actual mandato, en maio de 2011, o Goberno local nunca convocou a Comisión de Cultura, Participación Cidadá, Deportes e Xuventude, “a pesares de que houbo casos e circunstancias dabondo preocupantes para telo feito”. Tal circunstancia, para o PSOE deste municipio demostra, unha vez máis, “o desprezo que Gerardo Criado ten, incluso coas súas propias decisións”. Neste senso, consideran que “mellor lle fora non intentar quedar ben diante dos seus electores e sacarse a careta dende o primeiro momento. O desinterese é o principal sinal de identidade que leva presidindo a acción da alcaldía dende a súa toma de posesión. Pero os vilabeses e as vilalbesas temos dereito a coñecer todo o referente a un evento organizado polo concello que implicou un elevado desaxuste económico”, afirman.